

ASUNTO: FEIRA DO CABALO DO 23 DE ABRIL (2023)

EXPEDIENTE: 49/2023

ANUNCIO

O día 05/04/2023 ditouse a Resolución da Alcaldía que de seguido se transcribe:

RESOLUCIÓN: participación de menores no concurso ecuestre.

ANTECEDENTES:

Publicadas as bases xerais de participación no **Concurso Ecuestre do 23 de abril**, resulta necesario incluír un punto máis en relación á participación de menores.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: incluír como parte das bases xerais de participación a participación dos menores tal e como se especifica:

Queda prohibida a participación no concurso a menores de 14 anos. E a rapazada entre os 14 (cumpridos antes do 23 de abril de 2023) e 18 anos deberán presentar cuberto e asinado o documento anexo ás presentes bases, ou en persoa o día da feira ou adiantalo por correo electrónico a correo@moeche.gal xunto ca copia do seu DNI e do DNI do pai/nai/titor legal.

Segundo: que as bases queden redactadas segundo o anexo 1 que se achega a esta Resolución, na que se inclúe a dita participación de menores no punto 12.

Terceiro: aprobar o modelo de autorización que deben achegar os titores legais para a participación dos menores (anexo 2).

Cuarto: publicar esta Resolución para o coñecemento xeral no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Moeche.

Moeche, na data da sinatura dixital.

A alcaldesa

Asdo.: Beatriz Bascoy Maceiras



ANEXO 1

Bases de participación nas probas do concurso ecuestre do 23 de abril en Moeche (2023)

1. As inscricións faranse dende o 30 de marzo ao 15 de abril de 2023 cubrindo un formulario a través do seguinte enlace (copiar e pegar no navegador para acceder correctamente ao formulario):

https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSe6TWOWVK_DqC2mm6mBL1MCi3ESZY18e5T2rarLII3lxLHrEw/viewform

1. Cubrirase un formulario por cada cabalo participante cos seguintes datos:
 - a) Correo electrónico da persoa que cobre o formulario
 - b) Nome do équido que vai participar no concurso
 - c) UELN do équido
 - d) Chip do équido
 - e) REGA
 - f) Datos da persoa propietaria (nome e apelidos, DNI, enderezo postal e teléfono de contacto)
 - g) Categoría ou categorías nas que quere participar
 - h) Matrícula do transporte
 - i) Datos da persoa transportista (Nome e apelidos, DNI e teléfono)
1. Toda persoa que NON reciba o correo de confirmación da inscrición antes do 20/04/2023 NON poderá participar na proba (comprobade o cartafol de Spam).
2. O día do concurso deberase contar con toda a documentación indicada no punto 2, que poderá ser requirida pola organización.
3. Deberase presentar o équido no horario establecido para proceder á súa medición. En caso de non pertencer á categoría na que está inscrito será trasladado á categoría inferior ou superior para poder participar.
4. Para poder participar é obrigatorio o uso do casco regulamentario.
5. Poderase expulsar calquera participante que faga un mal uso da pista, ou calquera persoa que non se atope en condicións axeitadas para realizar as probas ou poña en risco ao resto de participantes.
6. Durante a proba cada penalización sumará 10 segundos ao tempo realizado.
7. As decisións do xurado son inapelables.
8. Calquera insulto ou malos tratos cara aos xuíces ou organización implicará a descualificación do xinete ou amazona en todas as probas. Así como calquera indicio de maltrato animal.
9. A organización non se responsabiliza dos danos causados a terceiros polo manexo dos animais.
10. Os horarios de participación en cada proba e de presentación dos équidos para a súa medición xunto coa documentación, notificaranse o 21 de abril de 2023, antes das 23.30h, nas redes sociais do Concello de Moeche e nos correos das persoas inscritas.
11. Aquela categoría na que haxa menos de 5 inscritos quedará anulada e notificarase a súa anulación aos inscritos nela o 21 de abril de 2023.
12. Queda prohibida a participación no concurso a menores de 14 anos. E a rapazada entre os 14 (cumpridos antes do 23 de abril de 2023) e 18 anos deberán presentar cuberto e asinado o documento anexo ás presentes bases, ou en persoa o día da feira ou adiantalo por correo electrónico a correo@moeche.gal xunto ca copia do seu DNI e do DNI do pai/nai/titor legal.
13. A participación na competición supón a aceptación íntegra destas bases e, polo tanto, será a organización a que tome a decisión oportuna en caso de dúbida ante calquera aspecto, estea presente ou non nestas bases.



ANEXO 2

Autorización para a participación nos concursos ecuestres da Feira do 23 de abril de Moeche

D./D^a con DNI
..... e domicilio en
.....
..... con teléfono de contacto , como
nai/pai/titor de D./D^a
..... con DNI
..... declarándome responsable do menor, autorízoo a participar
no concurso ecuestre do 23 de abril de 2023 en Moeche, comprometéndome a estar
presente durante a duración das probas e eximindo de toda responsabilidade á entidade
organizativa.

Asinado, en a de
de 2023.

D./D^a



Moeche, na data da sinatura dixital

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras

